

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO BAR E XESTIÓN DO CENTRO SOCIO – CULTURAL DE CEBREIRO - A FRANQUEIRA – A CAÑIZA (PONTEVEDRA)-

OBXECTO

O obxecto do presente Prego de Prescricións Técnicas consiste na descrición das condicións específicas do contrato, **SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO BAR E XESTIÓN DO CENTRO SOCIO – CULTURAL DE CEBREIRO - A FRANQUEIRA – A CAÑIZA (PONTEVEDRA)-** así como as condicións particulares nas que ha de executarse o obxecto do devandito contrato.

O obxecto do contrato é o , **SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO BAR E XESTIÓN DO CENTRO SOCIO – CULTURAL DE CEBREIRO - A FRANQUEIRA – A CAÑIZA (PONTEVEDRA)**, mediante a venda e servizo de consumicións con suxeción ao horario, prezos, e condicións establecidas no presente Prego, así como no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e a normativa de aplicación.

OBRIGACIÓN DO ADXUDICATARIO .

Sen prexuízo das obrigacións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o adxudicatario do contrato ten as seguintes obrigacións:

DE FUNCIONAMENTO

1. Ter en pleno funcionamento o servizo de bar e prestar os servizos obxecto de contrato de formar ininterrompida, e dentro do horario permitido, independentemente dos problemas laborais propios ou de provedores, transportes, climatoloxía, etc

Igualmente, o local poderá permanecer pechado un día á semana (de luns a venres), en concepto de descanso, previa comunicación do día fixado ao Concello, salvo que coincida en festivo, nese caso o día de descanso deberá trasladarse a un laborable.

2. O adxudicatario deberá realizar as funcións propias a que se refire a presente contratación, podendo exercitalas ben persoalmente, sendo persoa física ou por algún dos membros que compoñen a sociedade, en caso de ser persoa xurídica. Ou ben mediante colaboradores, pero neste caso, previo coñecemento por parte do Concello das persoas que realmente o realicen, e sen que en ningún caso exista relación de dependencia laboral, nin doutro tipo, entre o Concello e as mencionadas persoas.

3. O Concello realizará a función de vixilancia e control respecto ao funcionamento do local, a súa orde interior, o seu horario de apertura e peche, limpeza de condicións sanitarias dos utensilios propios do bar e das instalacións anexas, así como das condicións do local. Se se atopan deficiencias, levantarase a oportuna acta que na primeira e segunda ocasións dará lugar a apercibimento por escrito e na terceira producirase a rescisión do contrato, sen dereito algún para o contratante, que deberá abandonar o local e pór todos os seus efectos a disposición do Concello no prazo de dez días a partir da data de requirimento.

4. O adxudicatario non poderá colocar carteis, letreiros ou anuncios publicitarios que non teñan que ver co desenvolvemento do seu propio negocio ou ben con actividades propias do centro cultural, nin realizar obra algunha, sen autorización expresa por parte das autoridades do Concello.

5. O adxudicatario exime de toda responsabilidade ao Concello polos danos ás persoas ou cousas que se produzan, e sexan consecuencia directa ou indirecta da actividade de bar que se exerce. O adxudicatario será responsable de calquera dano que puidese ocasionarse a persoas ou cousas, mesmo de dependencia ou propiedade municipal, como consecuencia do

desempeño ou execución da súa actividade, debendo subscribir ao efecto un seguro no que se inclúa a responsabilidade civil.

ECONÓMICAS

1. Abonar o canon establecido adiantando a anualidade na súa totalidade ou ben de forma fraccionada cada mes, mediante ingreso en calquera das contas que o Concello ten abertas nas Entidades Financeiras. Se se opta polo abono mensual, deberá ingresalo o 1 ao 10 de cada mes.

2. Manter en perfecto uso as instalacións de auga, luz, gas, acondicionamento térmico, etc debendo o adxudicatario proceder o aboamento das facturas derivadas dos gastos de luz; auga; gas etc derivados da explotación da cafetería.

3. Abonar toda clase de impostos, taxas e prezos, de calquera Administración Pública, que foren necesarios para prestar os servizos do contrato, debendo ter dado de alta o establecemento (a efectos laborais, fiscais e tributarios) en idénticas condicións que calquera outro establecemento do ramo da hostalaría.

4. Formalizar unha póliza de seguros específica para o sector de hostalaría, na que se inclúan as coberturas de responsabilidade civil - por importe mínimo 30.000 euros, danos persoais, danos materiais e outras garantías adicionais, con capitais suficientes, para cubrir o valor do continente e o contido. Póliza cuxa copia compulsada e xustificante de pago da mesma, deberase presentar no Concello con carácter previo á formalización do contrato.

5. PREZOS: O adxudicatario deberá respectar a lista de prezos dos artigos a expender no Servizo de Bar, lista que será aprobada pola Alcaldía-Presidencia.

A Lista de Prezos deberá estar exposta ao público nun lugar visible e conforme á normativa que sexa de aplicación

A estes efectos, os produtos e artigos ofertados, deberán ser de calidade media-alta no mercado.

6. O adxudicatario comprométese a manter durante o contrato, os artigos relacionados na súa oferta, aos prezos detallados nela.. Se durante a explotación do Servizo, o adxudicatario quere introducir outros artigos non mencionados no Anexo I, a súa inclusión e os prezos dos mesmos deberán ser previamente autorizados pola Alcaldía

7. O adxudicatario obrígase a asegurar o continente e contido do obxecto da adxudicación, en contía suficiente.

SOBRE O LOCAL

1. A abonar os danos que se poidan ocasionar no local (estrutura, acabados en paredes, cristais, portas, etc...) e instalacións con motivo da prestación dos servizos, asumindo a plena responsabilidade de negligencias ou infraccións a el imputables, indemnizando ao Concello calquera dano ou gasto derivadas da mesmas.

2. Manter en bo estado as instalacións, mobiliario, aveños, etc... das dependencias nas que se presta o contrato, debendo repor calquera elemento dos mesmos que se deteriore ou inutilice polo uso ou a explotación do servizo. O material a repor deberá ser da mesma calidade, deseño, etc. que o inutilizado, ou se iso non fose posible, o máis similar que se ofrezca no mercado.

3. Solicitar autorización do Concello para realizar, en caso que sexa necesario, toda clase de obras no local no que se prestan os servizos, as cales serán de conta do contratista en todo

caso e quedarán en propiedade do Concello, sen que poida reclamar cantidade algunha polo devandito concepto.

4. O Adxudicatario non poderá esixir ao Concello arranxos, melloras nas instalacións ou calquera outro tipo de acondicionamento (enxoval, electrodomésticos, instalacións térmicas, etc., ...) do local, unha vez adxudicado o contrato. A tales efectos, permitiráselles durante o período de licitación inspeccionar o local.

5. Manter o local e instalacións, en perfecto estado de limpeza e hixiene, realizando os labores correspondentes en horario que non cause molestias aos usuarios.

6. Realizar controis bacteriolóxicos e de calidade periodicamente, dando conta ao Concello se así o requirise.

7. Non enaxenar bens afectos ao bar que houbesen de reverter ao Concello concedente, nin gravalos, salvo autorización expresa da Corporación, comprometéndose a deixalos libres e baleiros a disposición do Concello, dentro do prazo establecido

DE XESTIÓN

1. Indemnizar aos terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento dos servizos obxecto do contrato, salvo se producíronse por actos realizados en cumprimento dunha orde imposta polo Concello con carácter ineludible.

2. Prestar os servizos co persoal cualificado necesario para unha correcta execución do contrato, o cal dependerá única e exclusivamente do contratista, sen que teña vinculación algunha co Concello.

3. Obter autorización do Concello para a instalación de terrazas, veladores no exterior do local, facendo uso da mesma de acordo coas condicións nas que se outorgue aquela e de conformidade coa normativa de aplicación, especialmente a ordenanza municipal reguladora ao efecto.

DE EXPLOTACIÓN

1. Permitir el goce e disfrute del servizo a toda persoa que o solicite.

2. Respetar o principio de non discriminación

3. O adxudicatario deberá ter en todo momento a disposición do usuario follas de reclamacións conforme á normativa de aplicación.

4. Respetar o horario fixado: na normativa autonómica de aplicación.

5. Non exceder niveis de molestias e rúidos, en especial durante o horario da noite, que supoñan queixas ou molestias por parte dos veciños e, mesmo, dos propios usuarios, debendo establecer as medidas adecuadas para que este feito non se produza.

XENÉRICAS

1. Cumprir coas disposicións vixentes en materia tributaria, fiscal, laboral, de seguridade social, de seguridade e saúde laboral, así como calquera outras que poidan resultar aplicables por razón da materia, xunto coas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

2. Serán da súa conta as obrigacións fiscais ou de seguridade social que lle puidesen afectar.

3. Obter todos os permisos, autorizacións, seguros, etc. que foren necesarios para unha correcta prestación dos servizos obxecto de contrato.

4. Abandonar e deixar libres, a disposición do Concello, unha vez finalizado o contrato, ou dentro do prazo do dez días naturais a contar desde o seguinte á resolución contractual, o local, instalacións, mobiliario e enxoval postos a disposición do adxudicatario ao comezo do contrato, en bo estado de conservación e funcionamento e co desgaste razoable debido a un correcto uso. Para ese efecto, realizarase o inventario completo e contraditorio referido ao día de inicio da prestación do servizo. Por conseguinte realizaranse dous inventarios ao comezo e fin do contrato. Se se observa que falta mobiliario ou equipamento incautarase a garantía definitiva e esixirase a indemnización dos danos e prexuízos ocasionados ao Concello de A Cañiza.

ANEXO I. CADRO DE TARIFAS PARA DIFERENTES PRODUCTOS.

BEBIDAS FRIAS:

- Refresco de cola, naranja o limón: 1,20 €.
- Cerveza sin alcohol: 1,20 €.
- Cerveza con alcohol así como bebidas alcohólicas de graduación similar: 1,20 €
- Agua mineral: 1,20 €
- Bebidas isotónicas: 1,20 €
- Zumos o mezcla de zumos: 1,20 €

BEBIDAS CALIENTES:

- Café, café con leche y variedades: 1,00 €
- Infusiones: 1,10 €

PRODUCTOS SÓLIDOS:

- Frutos secos variados: 1,00 €.
- Pastelitos y bollería variada: 1,00 €
- Patatas fritas y similares: 1,00 €

*Documento asinado electrónicamente (art. 19 da Lei 11/2007) por **MIGUEL A. DOMINGUEZ ALFONSO**, Alcalde do Concello de A Cañiza.*